



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

BORRADOR ACTA
SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- Salon de Plenos, venres 28 de maio de 2021 -

No día de hoxe, ás 10:17 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

JOSE LUIS GARCIA LOPEZ

ASISTEN:

PSdeG-PSOE
BEGOÑA BALADO CONDE

BNG
LUCIA LOPEZ SOBRADO
XOAN XESUS CARRIL RAMOS

Partido Popular
RAFAEL RIVADULLA VARELA
JESUS GOMEZ CAMINO
CRISTINA CASTRO PAMPIN

Alternativa por Arzúa
AURORA VARELA DURO
MIGUEL ANGEL VALLO CAMBA
MARIA DEL CARME TORREIRO GONZALEZ
MANUEL RODRIGUEZ SANTOS

Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes
EMILIO GARCIA VAZQUEZ

AUSENCIAS: Non hai

SECRETARIA:

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DE FALECIMENTO DE CONCELLEIRA .



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Pola Secretaria dase lectura a proposta de acordo relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente :

PROPOSTA ACORDO PLENO EXTRAORDINARIO 29 MAIO DE 2021

1.- TOMA COÑECEMENTO FALECEMENTO CONCELLEIRA MUNICIPAL .

Visto o cese do cargo representativo local por falecemento en data 15/5/2021 (segundo certificado de defunción que consta no expediente TEDEC (2019/X999/000072) da concelleira María del Carmen Fuentes Ríos con DNI 44830151 sendo necesaria aos efectos de expedición de credencial de cargo representativo para substitución no caso de vacante por falecemento , incapacidad ou renuncia a aplicación do disposto no artigo 182.1 da LOREG 5/1985 que sinala:

Artículo 182

1. En el caso de fallecimiento, incapacidad o renuncia de un concejal, el escaño se atribuirá al candidato o, en su caso, al suplente de la misma lista a quien corresponda, atendiendo a su orden de colocación.

En aplicación do artigo 9.2 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro e vista instrucción de 10 de julio de 2003 da Xunta electoral Central (BOE número 171 de 18/7/2003)na que se indica:

INSTRUCCIÓN

Primero.- Sustitución mediante candidatos siguientes o suplentes:

1. Cuando se produzca el fallecimiento u otro supuesto de pérdida del cargo de concejal, alcalde pedáneo, consejero comarcal o de otro cargo representativo local, el Pleno de la entidad local de la que forme parte tomará conocimiento de la misma, remitiendo certificación del acuerdo adoptado a la Junta Electoral de Zona, durante el período de mandato de la misma, en orden a las elecciones locales, y a la **Junta Electoral Central una vez concluido el mandato de aquella**, a los efectos de proceder a la sustitución, conforme a lo dispuesto en la Ley Orgánica del Régimen Electoral General, indicando el nombre de la persona a la que, a juicio de la Corporación, corresponde cubrir la vacante.

2. En el supuesto de que la persona llamada a cubrir la vacante, renuncie a su vez a ser proclamado electo, habrá asimismo de remitirse a la Junta Electoral competente el escrito de renuncia presentado para su toma de conocimiento por ésta y proceder en consecuencia.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

3. Recibida la certificación de la Corporación local de toma de conocimiento del cese en el cargo representativo local, la Junta Electoral expedirá la credencial acreditativa de la condición de electo en favor del candidato al que corresponde cubrir la vacante producida, credencial que se remitirá a la Corporación local de la que aquél forme parte. La Corporación local notificará de modo fehaciente al interesado la recepción de la credencial a los efectos establecidos por la normativa de régimen local.

4. En el supuesto de que, producida una vacante de concejal o cargo electivo local, la Corporación correspondiente no tomara conocimiento de la misma, el representante de la candidatura o del partido afectado podrá, pasados diez días naturales, ponerlo en conocimiento de la Junta Electoral competente con arreglo a lo previsto en el número 1, para, previa audiencia, por cinco días, de la Corporación, proceder a expedir la credencial al candidato que corresponda. Del mismo modo se podrá actuar en el caso de que la Corporación no remitiera a la Junta Electoral competente la renuncia anticipada de un candidato llamado a cubrir una vacante.

5. En el caso de que la vacante se produzca en el cargo de diputado provincial, la correspondiente Corporación lo pondrá en conocimiento de la Junta Electoral competente conforme a lo previsto en el número 1, a los efectos de proceder a la elección, en los términos previstos en el artículo 206 de la LOREG.

6. Los Secretarios de las Audiencias Provinciales custodiarán la documentación electoral, a efectos de remisión a la Junta Electoral Central de los datos que por ésta se soliciten.

Segundo.- Sustitución en caso de agotamiento de listas de candidatos y, en su caso, suplentes:

1. En el caso de que, por aplicación de lo previsto en el artículo 182.2 de la LOREG, hayan de cubrirse las vacantes de concejales por ciudadanos mayores de edad no incurso en causa de inelegibilidad designados por los partidos, coaliciones, federaciones o agrupaciones de electores cuyos concejales hubiesen de ser sustituidos, se realizará la correspondiente comunicación en los términos previstos en el apartado primero, acompañando a la misma fotocopia simple del documento nacional de identidad de la persona propuesta; escrito firmado por la misma en el que declare bajo juramento no estar sujeta a penas que le inhabiliten para ser candidato, no estar incurso en causa de inelegibilidad, no haber sido candidato o suplente en la lista correspondiente y haber renunciado al cargo y en el que formule, además, aceptación expresa de su designación.

2. Recibida la anterior comunicación, la Junta Electoral competente publicará anuncio en el Boletín Oficial que corresponda, con el fin de que, en el plazo de dos días desde la publicación del anuncio, puedan los representantes de las candidaturas denunciar irregularidades que impidan el nombramiento de la persona propuesta, a cuyo efecto se les pondrán de manifiesto las actuaciones, dentro del referido plazo.

3. Al día siguiente de la conclusión de dicho plazo, la Junta Electoral, de oficio o en virtud de denuncia, comunicará a la entidad política afectada las irregularidades observadas, para que, en plazo de dos días, proceda a subsanar los defectos, sustituir a la persona propuesta o formular las alegaciones pertinentes.

4. La Junta Electoral adoptará la resolución que proceda, en su caso, expidiendo la correspondiente credencial de concejal.

Tercero.- Queda sin efecto la Instrucción de esta Junta de 19 de julio de 1991 sobre sustitución de cargos representativos locales.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Cuarto.- La presente Instrucción se publicará en el Boletín Oficial del Estado y será de aplicación a partir del día siguiente al de su publicación.

Considerando que atendendo a orde de colocación da lista correspondente a candidatura do partido Alternativa por Arzúa nas eleccións municipais do 2019 (BOP n.º 81 de data 30/4/2019) o candidato que debe ser chamado para cobertura da vacante de concelleiro é Jesús Manuel Segade González con DNI n.º 788046516G.

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do cese por falecemento da concelleira María del Carmen Fuentes Ríos con DNI 44830151.

SEGUNDO.- Comunicar á Xunta electoral Central que de conformidade có disposto no artigo 182.1 da Lei orgánica 5/1985 de 19 de xuño de Réxime electoral Xeral na súa redacción pola Lei orgánica 1/2003 de 10 de maio o candidato seguinte na lista chamado a cubrir a suplencia do cargo de concelleiro é Jesús Manuel Segade González con DNI n.º 788046516G.

TERCEIRO.- Remitir certificado do presente acordo á Xunta electoral Central aos efectos correspondentes .

Arzúa asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe
O Alcalde:”

Sen máis intervencións sometida a proposta a votación por unanimidade cós 12 votos a favor de todos/as os concelleiros/as o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do cese por falecemento da concelleira María del Carmen Fuentes Ríos con DNI 44830151.

SEGUNDO.- Comunicar á Xunta electoral Central que de conformidade có disposto no artigo 182.1 da Lei orgánica 5/1985 de 19 de xuño de Réxime electoral Xeral na súa redacción pola Lei orgánica 1/2003 de 10 de maio o candidato seguinte na lista chamado a cubrir a suplencia do cargo de concelleiro é Jesús Manuel Segade González con DNI n.º 788046516G.

TERCEIRO.- Remitir certificado do presente acordo á Xunta electoral Central aos efectos correspondentes .



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

2.- PROPOSICIÓN DE APROBACIÓN MODIFICADO PROXECTO DE OBRA “ CAMINO DE CARBALLIDO AO CASAL (DODRO) E OUTROS (POS + OBRASSUM 2020). Expte TEDEC 2021/C003/000009.

Pola Secretaria dase lectura a proposta de acordo relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente :

Pola secretaría deuse lectura a proposición relacionada con este punto da orde do día tal como segue:

“Visto informe técnico que consta en expediente TEDEC

2021/C003/000009 - CAMIÑO CARBALLIDO AO CASAL (DODRO) E OUTROS (POS+OBRASSUM/2020)

no que se sinala:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00



INFORME TÉCNICO-URBANÍSTICO

EXPEDIENTE Nº: 2021/C003/000009

PROXECTO MODIFICADO: CAMIÑO CARBALLIDO Ó CASAL (DODRO) E OUTRO

Cumprindo coa providencia da Alcaldía de Arzúa, en relación co **PROXECTO MODIFICADO** de "CAMIÑO CARBALLIDO Ó CASAL (DODRO) E OUTRO", pertencente ao Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia Municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+2020".

De acordo co Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Arzúa, aprobado definitivamente segundo Orde de 6 de outubro de 2008 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Urbanismo, o técnico que subscribe emite o seguinte,

INFORME:

1.- Debemos de indicar que o proxecto orixinal contemplaba as mesmas actuacións parciais que se recollen neste proxecto Modificado:

- 1.- Camiño Carballido ó Casal (Dodro)
- 2.- Acceso a Buxacos (Arzúa)

Debido a un erro na representación gráfica da traza do Camiño Carballido ó Casal (Dodro), procedeuse unicamente á representación da traza real do camiño que se pretende executar, permanecendo o resto do proxecto invariable.

2.- Atendendo á documentación que se recolle no Proxecto Modificado de "CAMIÑO

3.- En relación cos trazados polos que discorren as obras incluídas neste proxecto MODIFICADO, segundo os planos do Plan Xeral e os planos Catastrais, podemos indicar que se trata de viarios públicos de titularidade municipal xa existentes e con dispoñibilidade total dos terreos.

Non se prevén novas aperturas de camiños nin actuacións en camiños de outras titularidades, polo que a xuízo do técnico que asina **non se consideran precisas solicitudes de autorizacións previas a ningún outro Organismo** para a súa execución.

4.- As obras reflectidas no mencionado proxecto MODIFICADO recollen obras completas, susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, ser prexuízo das ampliacións de que posteriormente poidan ser obxecto e comprende todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra, de acordo co establecido no artigo 13 da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

En Arzúa, a 19 de abril de 2021
O arquitecto técnico municipal



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Considerando o disposto no artigo 97..2 en relación có artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro sendo urxente a contratación desta obra previa modificación do seu proxecto atendendo os criterios técnicos sinalados no informe indicado solicito a aceptación desta urxencia para tratamento deste punto da orde do día sen ditaminar.

(Por unanimidade con 12 votos a favor de tódolos concelleiros /as presentes aceptouse a urxencia e tratamento deste punto da orde do día sen ditaminar) continuando a lectura da proposición pola Secretaría

Visto o proxecto modificado Camiño Carballido O Casal (Dodro) e outros redactado por Pablo Blanco Ferreiro Enxeñeiro de Camiños, C. e P. Col. Nº.: 22.992 en xuño 2020 cun orzamento de 65.077,60€ sen iva , iva 13.666,30€ TOTAL 78.743,90€.

Vista a documentación elaborada para a aprobación deste proxecto reformado conforme as bases reguladoras do POS 2020 e a necesidade de modificar o acordo plenario adoptado en data 16/12/2019 para aprobación deste modificado proxecto cun orzamento total de 78.743,90€ € non modificado en relación có proxecto anterior .

Propoño que o Pleno municipal **ACORDE** :

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto técnico reformado Camiño Carballido O Casal (Dodro) e outros redactado por Pablo Blanco Ferreiro Enxeñeiro de Camiños, C. e P. Col. Nº.: 22.992 en xuño 2020 cun orzamento de 65.077,60€ sen iva , iva 13.666,30€ TOTAL 78.743,90€.

SEGUNDO.-Modificar o acordo plenario adoptado en sesión de data 16/12/2019 no sentido de substituír o contido do proxecto técnico aprobado en dita sesión có mesmo título e importe polo contido deste novo proxecto técnico reformado realizando modificacións consecuentes nos Anexos que no seu día foron remitidos á Diputación Provincial.

TERCEIRO.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos , augas e servidumes necesarios para a execución das obras contidas neste proxecto técnico reformado así como que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO.- Manter os restantes puntos que resultaron aprobados cando se adoptou o acordo plenario de 16/12/2019.

QUINTO.- Dar traslado dunha certificación deste acordo á Sección de plans Provinciais Sección de Xestión de Plans da Deputación Provincial aos efectos de que sexa incluída no expediente relativo ao Concello de Arzúa para que sexa tida en conta en relación cos trámites necesarios para a contratación destas obras, a aos demais efectos procedentes.

SEXTO.- Facultar o Sr. Alcalde para que adopte as resolucións que procedan en relación coa mellor execución deste acordo."

A urxencia motivada foi aprobada en votación por unanimidade có 12 votos a favor de todos/as os concelleiros/as .



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

O Alcalde aperturou o turno de intervencións dando a palabra ó voceiro do grupo municipal do PP Rafael Rivadulla Varela que sinalou que non sabe se era un erro ou se escolle outro trazado máis apropiado, fai constar a diferenza no trazado de 665 metros de Casa Nova a Igrexa .

Explica o Alcalde que a pista que vai da Calzada a Oins, faise por tramos e na representación no plano equivocáronse e puxeron o mesmo .

Sen máis intervencións por unanimidade cós 12 votos a favor de tódolos/as concelleiros/as presentes o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto técnico reformado Camiño Carballido O Casal (Dodro) e outros redactado por Pablo Blanco Ferreiro Enxeñeiro de Camiños, C. e P. Col. Nº.: 22.992 en xuño 2020 cun orzamento de 65.077,60€ sen iva , iva 13.666,30€ TOTAL 78.743,90€.

SEGUNDO.- Modificar o acordo plenario adoptado en sesión de data 16/12/2019 no sentido de substituír o contido do proxecto técnico aprobado en dita sesión có mesmo título e importe polo contido deste novo proxecto técnico reformado realizando modificacións consecuentes nos Anexos que no seu día foron remitidos á Diputación Provincial.

TERCEIRO.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos , augas e servidumes necesarios para a execución das obras contidas neste proxecto técnico reformado así como que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO.- Manter os restantes puntos que resultaron aprobados cando se adoptou o acordo plenario de 16/12/2019.

Ás 10:24 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data e hora que figura na marxe

| | |
|--------------------------------------|---|
| O alcalde, José Luis García López | A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez |
|--------------------------------------|---|